

**Acta núm. 04/2025.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 11 de marzo de 2025.**

**ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
José Antonio Vidal González.  
María Rosa Romero Fariña.  
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 11 de marzo de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2025, DO 25/02/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS DESTINADOS A VIAIS.
- 6º) RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2025, DO 25/02/2025.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.02.2025, acta núm. 03/2025.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA MERCEDES CASALDOEIRO FREIRE, na que comunica que vai reparar a cuberta (90 m<sup>2</sup>) da vivenda sita en Espiñeiros nº 3- Luaña, substituindo a tella vella existente por outra nova das mesmas características. Tamén vai arranxar a cuberta dun galpón de 40 m<sup>2</sup> anexo á vivenda, substituindo as pranchas de fibrocemento existentes por outras novas de similares características e tella cerámica curva por enriba.

A parcela (referencia catastral 9457906NH1495N0001KU) onde se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (ordenanza nº 9: NRO-1), e sitúase na contorna dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, "casa tradicional en Espiñeiros", identificada coa clave: LE 7, e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O acabado deberá de ser en tella cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 94,90 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 159,47 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGIO JOSÉ MASIDE LORENZO, na que comunica que vai executar obras nos bloques de vivendas nº 15, 16, e 17 da Urbanización Monte Balado – Os Ánxeles, consistentes en:

- Impermeabilización e reposición parcial da cobertura de tella nos bloques nº 17 (vivendas 2ºA e 2ºC) e nº 16 (vivenda 2ºA).
- Selado perimetral de cítara de cheminea no bloque nº 16 (vivenda 2ºC).
- Impermeabilización de terrazas e selado de ventanal anexo, nos bloques nº 15 (vivenda 1ºC), nº 16 (vivendas 2º A e 2ºB) e nº 17 (vivendas 2ºA e 2ºC).

A parcela (referencia catastral 6550705NH2465S) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3) e atópase dentro da zona de servidume do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 03.03.2025 (clave DH.W15.106742) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,80 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 222,37 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IVÁN FERRO SÁNCHEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela sita en Gronzo 37 – Brión. A piscina farase de formigón, revestida de gres, de 9 m. de longo x 4,00 m. de ancho e unha profundidade variable de 1,00 m. a 1,50 metros e afastada a máis de 4 metros dos lindeiros particulares.



- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 1.610,47 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LAURA FUENTES BOTANA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela sita en Gronzo 50 – Brión. A piscina farase de formigón, revestida de gres, de 9 m. de longo x 4,00 m. de ancho x 1.45 m. de profundidade e afastada dos lindeiros particulares.

A parcela (referencia catastral 4856107NH2445N0001IX) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros particulares.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 107,20 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 171,77 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FERNANDO VICENTE ABRALDES ROIS, na que comunica que vai substituír o portal de acceso a parcela da Avda. Santa Minia nº 20 – Brión. O novo portal a instalar será de aluminio en cor verde e manterá as dimensións actuais: 4.10 m. de ancho x 1.80 m. de longo.

A parcela (referencia catastral 6357816NH2465N0001MU) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,70 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 138,27 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA ISABEL ÁLVAREZ ARMESTO, na que comunica que vai substituír os canalóns da cuberta das vivendas sitas no Paseo de Pedrouzos nº 30 e 32.

As edificacións (referencias catastrais 6357807NH2465N0018YB e 6357807NH2465N0017TB) nas que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 84,57 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EMMA GARABAL SUÁREZ, na que comunica que vai colocar unha tubaxe de PVC de 40 cms. de sección e 19 metros de longo, na cuneta da estrada municipal que conduce da Telleira ata Chave da Ponte, para dar acceso polo linde oeste a unha parcela rústica sita no lugar de A Telleira.

A parcela (referencia catastral 15013A050004120000UQ) na que se van executar as obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico de protección forestal (RF), séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras non poderán invadir a zona de rodadura do vial municipal.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,20 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 67,77 euros.



Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dúas clases de solo:

-. Parte: 1.135 m<sup>2</sup>, clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as areas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

-. Parte: 2.211 m<sup>2</sup>, clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

### **SEGREGACIÓN PRETENDIDA:**

#### **Parcela 1 o FINCA MATRIZ.**

Superficie neta: 1.097m<sup>2</sup> (a 5,00 m. do eixo do camiño).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

**Norte:** parcela segregada.

**Sur:** con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, despois de parcela de cesións a viais.

**Leste:** Manuela Díaz Vilarelle (234) e nunha pequena parte con Andrés López Boo (233)

**Oeste:** porción "A" de dona Carmen Cardeso Teira.

#### **Parcela 2 SEGREGADA.**

Superficie: 2.211 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: Solo rústico.

Lindes:

**Norte:** con camiño.

**Sur:** parcela matriz resultante.

**Leste:** Isolino López Boo (232) e Andrés López Boo (233).

**Oeste:** porción "A" de dona Carmen Cardeso Teira.

#### **Parcela DE CESIÓN.**

Superficie: 38 m<sup>2</sup>.

Lindes:

**Norte:** finca matriz.

**Sur:** con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

**Leste:** Manuela Díaz Vilarelle (234).

**Oeste:** porción "A" de dona Carmen Cardeso Teira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Declarar a innecesariedade da licenza de segregación consonte co disposto no art.150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aceptar a cesión de terreos de 38 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.  
Total: 129,14 euros.

#### **QUINTO .- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS DESTINADOS A VIAIS**

Deuse conta dunha instancia presentada por Isolina González Dacal, que di actuar en representación de NOCECA SERVIS, S.L., na que solicita a aceptación da cesión de viais cedidos ao concello na licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local do 28.05.2024, de segundo modificado da licenza concedida para a construción de vivenda unifamiliar en fase de execución, sita no lugar de Lamiño nº 57, Brión, segundo o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.08.2023 (expte. 2304400), e documentación complementaria visada en data 11.10.2023 e 08.05.2024, para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en data 07.02.2006 concedeu licenza de segregación no lugar de Lamiño ao GRUPO BALDOMERO FARIÑA, SL, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Juan Aboy García, e onde se describen as 7 parcelas resultantes.

O ámbito obxecto do expediente de segregación está clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), onde o uso característico é o de vivenda unifamiliar illada.

A parcela nº 7 (sobre a que se asenta a vivenda nº 57 de Lamiño), segundo o proxecto de segregación aprobado acada unha superficie bruta de 467,10 m<sup>2</sup>, dos cales 229,60 m<sup>2</sup> están destinados a viario; quedando unha parcela neta de 237,50 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Aceptar a cesión efectuada de 229,60 m<sup>2</sup>, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, segundo se recolle no plano (fincas resultantes) do proxecto segregación, redactado polo arquitecto Juan Aboy García.

#### **SEXTO.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.**

Deuse conta do recurso de reposición presentado con data 20.12.2024 por MARÍA DE LOS ÁNGELES LOR RODRÍGUEZ, contra a liquidación de tributos aprobada pola Xunta de Goberno Local do 03.12.2024, por importe total de 90,19 €, pola autorización de obras concedida para substituír a caldeira no interior da vivenda sita na Urbanización Monte Balado nº 25 – portal 16, baixo – C.

Visto o informe de tesourería de data 06.03.2025 no que se sinala que a teor das ordenanzas fiscais municipais aplicables, Ordenanza Fiscal número 4-I reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, no seu artigo 2. Feito Imponible e o artigo 6.1.a) Tipo de gravame e cota tributaria, e a Ordenanza Fiscal número 16-T, reguladora da Taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de



licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa no seu artigo 2. Feito Impoñible e artigo 6.11. Tarifa.

Vista a liquidación de tributos feita pola tesourería do Imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 25,62 euros (tipo de gravame xeral 2% sobre a base impoñible aportada pola solicitante da correspondente licenza) e da Taxa por licenza urbanística por importe de 64,57 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar o recurso de reposición interposto por MARÍA DE LOS ÁNGELES LOR RODRÍGUEZ, contra a liquidación de tributos aprobada pola Xunta de Goberno Local do 03.12.2024, por importe total de 90,19 €, pola autorización de obras concedida para substituír a caldeira no interior da vivenda sita na Urbanización Monte Balado nº 25 – portal 16, baixo – C, por considerar que o importe da liquidación de tributos aprobada (90,19 €) para o expediente é o resultado de aplicar correctamente as ordenanzas fiscais municipais vixentes.

2º) Notificar este acordo á interesada.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González